



CCR/Ra



Data Rexistro: 20/09/2024 14:40:56  
Nº Rexistro: 2024000463

SAIDA

MINUTA

Na sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 13 de setembro de 2024, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Dona María Manuela Rodríguez Pumar:

9.8257.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. ¿Non sei se hai algún rogo ou pregunta? Ten, María Manuela Rodríguez ten a palabra.

Sra. Rodríguez Pumar.- Ben, quero facer unha pregunta i un rogo, ambos teñen que ver coa estrada provincial EP-2302 de Gondomar a Morgadáns, e ao seu paso polo barrio de Lourido, en Chaín, unhas beirarrúas que están sen rematar, hai un tramo aproximadamente de 500 metros, que, por non estar feito ese cacho provoca inseguridade viaria para os peóns. A pregunta é: ¿por que non se dan rematado? E o segundo, rogo que, por favor, se rematen canto antes as mesmas. Vale.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Bueno, pois non habendo máis asuntos que tratar deste Pleno, damos por finalizada esta sesión e quedamos emprazados para o final de mes. Moitas grazas. Bo día.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - \*\*0694\*\*  
Cargo: Secretario  
Data: 19/09/2024 14:38

D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Pregunta efectuada pola deputada do Grupo Provincial do BNG, Dona María Manuela Rodríguez Pumar, na sesión extraordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 13 de setembro de 2024:

**PREGUNTA:**

*Quero facer unha pregunta e un rogo, ambos teñen que ver coa estrada provincial EP-2302 de Gondomar a Morgadáns, ao seu paso polo barrio de Lourido, en Chaín, unhas beirarrúas que están sen rematar, hai un tramo aproximadamente de 500 metros, que, por non estar feito ese cacho provoca inseguridade viaria para os peóns. A pregunta é: ¿por que non se dan rematado?*

**RESPOSTA:**

Concordo con vostede que, inexplicablemente, nos últimos nove anos, dos que os oito primeiros foron gobernados por unha coalición entre o PSdeG-PSOE e o BNG non foron quen de rematar as beirarrúas pendentes. Este goberno está sensibilizado coa problemática existente e terase en conta na planificación de traballos, xunto coas demais melloras da mobilidade que demandan os 1.700 km. de estradas provinciais.

Asinado dixitalmente.

